

CONSELLO DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA

Por orde do reitor, prégaselle que, como membro do Consello de Goberno, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: Sala 18 (Consello de Goberno) Campus Remoto da Universidade de Vigo, na seguinte ligazón: <https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999045618> e presencialmente na **Sala Manolo Ramos** do Edificio Ernestina Otero, 3º andar (Campus Marcosende-Vigo).

No apartado correspondente a “Acceso estudantado” encherase o “Nome” co nome e apelidos de cada un (aos efectos de poder computar a asistencia virtual), e o apartado “Contrasinal” coa clave que se remitirá previamente á xuntanza.

Pulsarase a continuación en “Acceder” e seguiranse as instrucións correspondentes. Conectarase a cámara, cando o presidente así o solicite, unicamente aos efectos de poder proceder á identificación de cada membro.

Advertese que a sesión poderá ser gravada. Para garantir a posibilidade de asistencia dos membros da comunidade universitaria, a sesión transmitirase na contorna virtual da Universidade, pola vía e mediante o acceso que se comuniquen con anterioridade á celebración da xuntanza. Máis información sobre a protección de datos no enderezo electrónico <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos>

DÍA E HORA: luns, 23 de febreiro de 2026, ás 09:30 h., en primeira convocatoria, e á 10:00 h., en segunda.

Prégase a conexión na primeira convocatoria, para poder proceder axeitadamente coa identificación dos presentes.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2026.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da memoria do Programa Académico de Simultaneidade de Dobre Grao en Publicidade e Relacións Públicas e Grao en Comunicación.
4. Ratificación, se procede, da declaración de interese do Máster Universitario en Viticultura e Enoloxía.
5. Información sobre o lanzamento dunha experiencia piloto de plataforma de micromecenado na Fundación Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (CIDEGA).
7. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2026/2027.
8. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico⁽¹⁾: 5 PDI; 2 PTXAS; 4 estudantes; 4 decanos/as ou directores/as de centro; 4 directores/as de departamento; 1 membro do Consello Social; 1 axente externo/a.
9. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO⁽¹⁾: 1 estudante do ámbito Campus do Mar.
10. Quenda de intervencións.

A secretaria xeral

(1) As candidaturas poderanse presentar nas Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro do Campus de Vigo-cidade, Campus de Marcosende, Campus de Ourense e de Pontevedra, así como na Sede Electrónica da Universidade de Vigo, ata as 14:00 horas do día 19 de febreiro de 2026.